

Versión: 01.09.2021

**PLAN DE CONTINXENCIA PARA A PREVENCIÓN  
DO CONTAXIO DA COVID 19 NA REALIZACIÓN  
DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NO CEIP  
SAN ROQUE DE DARBO.**

## INDICE

	PAX
<b>PLAN DE CONTINXENCIA PARA A PREVENCIÓN DO CONTAXIO DA COVID 19 NA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NO CEIP SAN ROQUE DE DARBO.</b>	3
ANEXO 1: CARTELERÍA HIXIENE MANS	9
ANEXO 2: ENQUISA CLÍNICO-EPIDEMIOLÓXICA COVID-19	10

# **PLAN DE CONTINXENCIA PARA A PREVENCIÓN DO CONTAXIO DA COVID 19 NA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NO CEIP SAN ROQUE DE DARBO.**

## **DEFINICIÓN**

Establecemento das medidas de prevención e protección co fin de minimizar os riscos de contaxio da COVID 19 na realización das actividades extraescolares fóra da xornada lectiva no CEIP San Roque de Darbo.

## **AMBITO DE APLICACIÓN**

CEIP San Roque de Cangas.

## **OBXECTIVOS**

- Minimizar o risco de contaxio por SARS-CoV-2 na rapazada participante e nos profesionais que impartan as actividades extraescolares no CEIP San Roque.
- Determinar con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras de ditas actividades.
- Establecer unha guía de actuación para dar resposta eficaz no caso de identificación dalgún caso sospeitoso.
- Informar ós responsables das actividades sobre as medidas de prevención e protección ante o Covid-19 a aplicar

## **CONSIDERACIÓNS XERAIS:**

- Gardarse as distancias de seguridade previstas nos protocolos con carácter xeral, e tentarase que os grupos sexan estables, é dicir que, se evitará, na medida do posible, a entrada de novos membros, a interacción entre grupos e o cambio de monitores/as.
- É preciso extremar as medidas de hixiene e ventilación antes, durante e despois da actividade.
- Cando as actividades supoñan a entrada de persoal alleo este deberá coñecer previamente e asumir na súa totalidade o protocolo COVID e o Plan de adaptación

do centro e asinar o compromiso de realizar a enquisa de auto avaliación antes da actividade. En ningún caso acudirán se teñen síntomas.

- equipo COVID do centro estará informado tanto de actividades esporádicas como regulares en todo momento.
- As persoas monitoras extremarán a hixiene á entrada e saída do centro, gardarán o uso de máscara e distancia de seguridade.
- Todas as medidas e pautas establecidas neste protocolo poden estar suxeitas a novas medidas establecidas polas autoridades sanitarias en función da evolución epidemiolóxica xerada pola pandemia, polo tanto son revisables para cumprir coa normativa de aplicación en cada momento.

### **NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO**

Todo o persoal encargado das actividades extraescolares no CEIP San Roque de Darbo ten a obriga de seguir escrupulosamente as medidas establecidas neste Plan.

A información contida neste Plan transmítese ás empresas ou entidades responsables das actividades. Tódalas decisións que se tomen están incluídas neste Plan para o necesario e obrigado coñecemento de todo o persoal.

#### **EN RELACIÓN AS ACTIVIDADES:**

- As actividades organizaranse de tal xeito que se poda facer unha saída e entrada gradual e unha ventilación de cando menos 10 a 15 minutos por hora.
- A organización das tarefas e exercicios será inicialmente de forma individual ou en pequenos grupos, evitando o contacto
- Cómpre priorizar as actividades no exterior pero evitando igualmente aglomeracións.
- A persoa monitora sairá a recibir ao grupo cando a instalación estea lista.
- Deberase levar **registro diario de asistencia** dos nenos e das nenas que participan nestas actividades, así como o lugar que ocupan, non podendo cambiar de compañeiros/as para limitar as interaccións e facilitar a localización de posibles contactos estreitos, Este rexistro será enviado cada día de actividade á ANPA, por vía electrónica ou WhatsApp. O rexistro diario será custodiado pola ANPA e poderá serlle requirido polo Equipo Covid, en calquera momento.

- Non estará permitida a presenza dos propios participantes en todo o recinto escolar cando non sexa a súa hora de actividade, nin sequera nas gradas.

## ADECUACIÓN DE ESPAZOS

- Debese acudir sempre que sexa posible á mesma sala, instalación, aula ou espazo e delimitar o aforo máximo por actividade.
- Respectaranse na medida do posible os grupos de idade (curso ou ciclo) ou agruparanse por idades próximas.
- Nas idades mais pequenas (infantil ou 1º e 2º de EP) valorarase facer grupos mais pequenos se fose necesario.
- Delimitaranse zonas para que cada neno/a deixe os seus obxectos persoais como a mochila ou a botella de auga. Procurarase que este lugar sexa fixo durante todo o curso.
- Entregarase ao centro un plano de situación con estes lugares marcados para facilitar, en caso de ser necesario, o seguimento epidemiolóxico.
- Baixo ningún concepto poderán compartirse botellas de auga, que deberán estar claramente identificadas e situadas no sitio asignado a cada asistente xunto co resto de obxectos persoais.
- Evitarase compartir material e, se fose necesario, estará previamente hixienizado. Despois do uso volverase a hixienizalo e será obrigatorio o lavado de mans.
- A persoa responsable da actividade fará un bosquexo, o primeiro día de actividade, de onde van sentadas as crianzas participantes, e non se pode cambiar a ninguén de sitio salvo que este cambio este xustificado polo monitor. Este bosquexo será enviado á ANPA para a súa custodia

## ACCESO AS ACTIVIDADES

Habilitarase unha PORTA DE ENTRADA e outra de SAÍDA para evitar a acumulación de persoas. No caso de non ser posible esta opción, primeiro efectuarase a saída e posteriormente a entrada do novo grupo.

No exterior marcaranse zonas para esperar a entrada e/ou saída que garantan as distancias de seguridade. Para garantir un proceso áxil é precisa a **máxima puntualidade.**



- A persoa monitora será a encargada de recoller ás crianzas que acudan á súa actividade na porta de entrada, non entrará ata que estea todo o grupo. Pasados 5 minutos da hora, entrará cas crianzas que se atopen alí e non poderá permitir o acceso á actividade a ninguén máis



- A persoa monitora será o que entregue ás crianzas ós pais na porta de saída, non poderá marchar antes de asegurarse de que todas as crianzas estean coa persoa acreditada para recollelas. Pasados 5 minutos deixará á crianza co profesor de garda e informará á ANPA

## MEDIDAS DE AUTOPROTECCIÓN

- A máscara será obrigatoria durante as actividades para maiores de 6 anos e recomendable para menores de 3 a 5 anos salvo nos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe sanitario.
- Os/as asistentes deberán traer cando menos unha segunda máscara de reposto nun estoxo axeitado. As persoas monitoras determinaran os momentos de respiro ou paradas para beber de xeito seguro e con garantía de distancia de seguridade.
- A hixiene de mans, realizarase con auga xabonosa ou xel hidroalcohólico, e será obrigatoria despois de xogar, tocar material deportivo, de ir ó baño, esbirrar, tusir ... ou cando o determine a persoa monitora
- Os espazos contarán con aseos asignados (con indicación e control de aforo segundo o previsto na lexislación vixente) que permita o lavado de mans con auga e xabón cando menos 40 segundos cando estean visiblemente sucias (ANEXO 1). Contarán tamén con dispensadores de xel hidroalcohólico nas entradas e saídas.
- No caso de grandes instalacións poderá solicitarse que a rapazada participante conte con xel hidroalcohólico propio.
- Para a rapazada de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de auga e xabón ou outros tipos de solucións xabonosa.
- Para os nenos e nenas de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas.
- Nos grupos etários ata os 7 anos, deberase prestar especial atención por parte dos coidadores á aplicación do xel por parte da rapazada.

## PRESENCIA DE FAMILIARES:

Os/as pais/nais/ tutores legais firmarán unha declaración de responsabilidade (o inicio das actividades) na que se comprometan a valorar e respectar as seguintes pasos/normas:

- Realizar a enquisa de auto avaliación prevista no ANEXO 2 e as nenas e os nenos non acudirá á actividade de acordo co que a mesma estableza
- Informar ao persoal monitor no caso que se de algunha das circunstancias previstas na enquisa de auto avaliación para o seu coñecemento e traslado ao centro educativo que o porá en coñecemento do Equipo Covid

Non estará permitida a entrada a persoas alleas (pais/nais ou tutores legais) nas actividades nin nas instalacións do centro educativo salvo causa de forza maior.

A familia deixará ás súas crianzas na entrada asignada e recollerana na porta de saída marcada para tal fin, sen poder entrar no recinto escolar para este fin.

Esixirase PUNTUALIDADE EXTREMA, se pasados 5 minutos da hora que marca o inicio da actividade a crianza non está na porta de entrada a actividade comezará sen ela e non poderá entrar para a súa realización.

## LIMPEZA

Recomendacións que se detallan:

- Lavaranse ou desinfectaranse as mans cada vez que cambiamos de estancia ou de espazo ocupado por un grupo de nenas ou nenos.
- Reforzarase a limpeza das instalacións, especialmente as zonas susceptibles de transmisión do virus con produtos desinfectantes. Nomeadamente pomos de portas, chaves da luz, tímbrs, pasamáns, teclados e ratos de ordenador...
- Extremarase a desinfección nas superficies de contacto, mesas, cadeiras, etc.
- Ventilaranse as dependencias do espazo /aula axeitadamente (antes, durante e despois)



## **SOSPEITA DE INFECCIÓN DUNHA PERSOA PARTICIPANTE NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

No caso de detectarse síntomas nunha persoa participante durante a actividade procederase do seguinte xeito:

1. No caso de menores de idade procederase ao illamento desta persoa na oficina da ANPA, xa que é o espazo que ten marcado o colexio para tal fin.
2. Os centros comunicarán as entidades organizadoras cal é este espazo que, por razóns de operatividade, poderá ser diferente do utilizado durante o período lectivo (por exemplo en pavillóns polideportivos). No caso de ser un espazo diferenciado a entidade asegurará que se dispón dos elementos previstos e que se cumpre o estipulado con carácter xeral para o acompañamento de persoas con síntomas compatibles coa Covid-19.
3. A súa familia será informada inmediatamente e procederase de acordo co protocolo xeral segundo o plan de continxencia de cada centro.


## ANEXO 1

### CARTELERIA HIXIENE DE MANS

# Técnica do lavado de mans con auga e xabón




Humedecer as mans



Aplicar suficiente xabón




Fregar palma sobre palma




Fregar palma sobre dorso cos dedos entrelazados e viceversa



Fregar palma sobre palma cos dedos entrelazados




Fregar o dorso dos dedos sobre a palma oposta



Fregar os polgares mediante un movemento rotatorio




Fregar as xemas dos dedos sobre a palma da man contraria cun movemento circular




Fregar cada pulso coa man oposta




Aclarar con auga



Pechar a billa co cóbado ou ben cunha toalla desbotable



Secar cunha toalla de papel desbotable




Este proceso debe levar entre 40 e 60 seg

Adaptado de NHS e World Health Organization Guidelines on Hand Hygiene in Health Care

## Técnica de hixiene das mans con preparacións alcohólicas



1  
Depositar na palma da man unha dose de produto suficiente para cubrir todas as superficies a tratar.




2  
Fregar as palmas das mans entre si



3  
Estender o produto entre os dedos




4  
Fregar as palmas das mans entre si, cos dedos entrelazados



5  
Fregar o dorso dos dedos dunha man coa palma da man oposta, agarrándose os dedos




6  
Fregar cun movemente de rotación o polgar esquerdo atrapándoo coa palma da man dereita, e viceversa.




7  
Fregar a punta dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movemente de rotación, e viceversa



8  
Fregar cada pulso coa man oposta



9  
Esperar ata que o produto se evapore e as mans estean secas (non use papel nin toallas)



10  
Este proceso debe levar entre 20 e 30 seg.

Adaptado de NHS e World Health Organization Guidelines on Hand Hygiene in Health Care

## ANEXO 2

### ENQUISA CLÍNICO-EPIDEMIOLÓXICA COVID-19

<b>NOME E APELIDOS:</b>				
<b>TELEFONO CONTACTO:</b>		<b>DATA:</b>		
<b>Presentou nas últimas 2 semanas?</b>			<b>SI</b>	<b>NON</b>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C			
	Tose seca			
	Dificultade respiratoria			
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)			
	Dor muscular			
	Falta de olfacto			
	Falta de gusto			
	Diarrea			
Existe algún motivo que xustifique os síntomas por parte do paciente?				

Se algún síntoma (sen outra xustificación):

Ten actualmente síntomas? SI/NON

		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>Tivo CONTACTO nas últimas 3 semanas?</b>	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
<b>CONVIVIU nas últimas 3 semanas?</b>	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

A interpretación dos resultados da enquisa realizarase tendo en conta os criterios clínicos e epidemiolóxicos. Tendo en conta a definición do Ministerio de Sanidade de caso sospeitoso por SARS-CoV-2 (cualquiera persoa cun cadro clínico de infección respiratoria aguda de aparición súbita de calquera gravidade que cursa, entre outros, con febre, tose ou sensación de falta de aire. Outros síntomas atípicos como a odinofaxia, anosmia, ageusia, dores musculares, diarreas, dor torácico ou cefaleas, entre outros, poden ser considerados tamén síntomas de sospeita de infección por SARS-CoV-2 segundo criterio clínico. De presentar calquera destes outros síntomas valorarase o contexto epidemiolóxico.